

BILINGÜISMO E DIGLOSIA

ÍNDICE:

- 1.- Definición de bilingüismo e diglosia páxina 2
- 2.- A situación sociolingüística galega páxina 3
- 3.- Actitude lingüística páxina 3
- 4.- O conflito lingüístico galego páxina 4

1.- DEFINICIÓN DE BILINGÜISMO E DIGLOSIA

Bilingüismo: decimos que unha persoa é bilingüe cando e capaz de utilizar dúas ou máis linguas en calquera situación e con parecida facilidade e eficacia.

Debemos ter en conta os seguintes aspectos:

Número de linguas implicadas

Tipo de linguas (afines ou opostas xenéticamente)

Influencia dunha lingua sobre outra

Grado de perfección

Función social de cada lingua

Clasificación bilingüe pola situación na que se encontran

Situación de bilingüismo familiar

Familia monolingüe nun medio lingüístico extraño

Situación de minoría lingüística autóctona

Minoría lingüística do inmigrado

Ambientes cosmopólitais

Diglosia: trátase da situación na que dúas linguas son usadas con valor social diferente unha lingua A é designada para as funcións de máis prestixio e outra lingua B é utilizada en relacións informais e cotiás.

Endodiglosia: variantes dunha mesma lingua

Exodiglosia

Lugares onde se da a diglosia:

A diglosia dáse en lugares ou comunidades donde conviven dúas linguas en situación de desequilibrio iso provoca o conflito lingüístico.

En Galicia somos diglósicos e empregamos o galego como lingua de menor prestixio nos espazos rurais, utilízase máis o galego, o castelán utilízase como lingua de cultura e moita xente relaciónao cunha lingua de maior status social.

2.- A SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA GALEGA

O normal na comunicación é que os individuos duna mesma sociedade empreguen entre si o mesmo código para relacionarse. O uso dunha segunda lingua só debería aparecer para necesidades comunicativas que excedan o seu ámbito.

Son moitas as sociedades en que están introducidas dúas ou máis linguas que case nunca comparten e nin reparten de maneira equilibrada as súas funcións nin a súa valoración. Os usos e as actitudes dos falantes varían con respecto a unhas e ás outras. Iso é o que sucede en Galicia.

Estes son unha serie de conceptos teóricos básicos manexados pola sociolingüística:

–Competencia lingüística é a capacidade que ten un individuo para desenvolverse nunha lingua concreta. Distínguese entre competencia activa e pasiva: a primeira é a capacidade de empregar un idioma e a segunda de entendelo.

–Lingua inicial, é a lingua cada individuo aprende a falar.

–Lingua habitual, é a lingua principal e utilizada con máis frecuencia.

–Actitudes lingüísticas. Estas inflúen nos procesos de variación e cambio lingüístico. Unha actitude favorable ou positiva pode facer que un cambio lingüístico se cumpra máis rápido; unha actitude negativa pode cegar ó abandono ou esquecemento duna lingua.

3.- ACTITUDE LINGÜÍSTICA

A actitude lingüística é unha manifestación da actitude social dos individuos tanto na lingua como no uso que dela se fai na sociedade.

As linguas son capaces de transmitir significados con connotacións sociais, pois as normas e marcas culturais dun grupo son transmitidas ou enfatizadas por medio dela.

A identidade é aquilo que permite diferenciar un grupo dentro doutro, unha clase social dentro doutra. Unha variedade lingüística pode ser interpretada, polo tanto, como trazo definidor da identidade, de aí que as actitudes cara ós grupos cunha identidade determinada sexan en parte actitudes cara ás variedades lingüísticas usadas neses grupos.

Giles propuso a hipótese da norma imposta. Esta hipótese sostén que unha variedade pode ser valorada como mellor ou máis atractiva ca outra se é falada por un grupo con maior prestixio.

O habitual é que sexan os grupos sociais máis prestixiosos, máis poderosos socioeconomicamente, os que dicten a pauta das actitudes lingüísticas das comunidades de fala.

Algúns falantes de variedades minorizadas teñen unha actitude negativa cara á súa propia lingua cando esta non lles permite un ascenso social, unha mellora económica, etc.

Unha das bases sobre as que se asenta a actitude lingüística é a conciencia sociolingüística: os individuos forxan actitudes do tipo que sexa, porque teñen conciencia duna serie de feitos sociais que lles afectan.

4.- O CONFLICTO LINGÜÍSTICO GALEGO

En verdade, estamos perante un conflito poliédrico. Todo conflito lingüístico presenta tres consecuencias:

- *Formal (gramática e lexical) Por exemplo o noso castrapo.*
- *Funcional con unha distribución complementar dos códigos da lingua.*
- *Identitario, isto é, ¿Onde se fala o galego?*

Unha liña de pensamento , o isolacionismo, postulava que o galego se remetía á Galiza. Por outra parte, o reintegacionismo negábase a aceptar que a natureza as filiacións e o desenvolvemento da nosa lingua fose imposta desde fóra. A primeira contando co apoio imprescindible dos axentes rexionais do españolismo, conseguía en 1983 impor os seus criterios. Desde entón, logrouse dar unha sensación que o isolacionismo era o demandado realmente polo público. Isto a pesar de que a inmensa maioría das organizacións nas que se inclúen os partidos políticos, sindicatos, asociacións de estudantes, grupos de defensa da lingua...-dábanlle as costas á norma oficial e quen non o facía era por pragmatismo , por sobrevivencia, non por convencimento.

Hoxe en día, máis da metade da poboación considera, no que se refire o medio escolar, que o galego e o castelán son linguas igual de apropiadas para utilizar como medio vehicular da docencia, tanto nas materias humanísticas como nas formais.

Así mesmo, arredor da metade da poboación manifesta o seu acordo ante a idea de que o galego debe ser a lingua habitual da escola, tanto na docencia das materias diferentes de lingua e literatura españolas como noutras prácticas comunicativas propias do ámbito escolar.

En canto á lingua que deben de falar os galegos moitos se manifestan a favor de que se empregue só o castelán; a maioría da poboación escolle a lingua galega ou o uso bilingüe. Así e todo, canto maior é a presenza do galego como idioma de comunicación, maior é a tendencia a considerar que os galegos deben falar só esa lingua.No que se refire á percepción da orientación das mudanzas do uso do galego, a maioría da poboación considera que este aumentou nos últimos anos.

Se atendemos ó idioma que se debe usar cos nenos en relación co que empregan habitualmente os pais, conséntase unha actitude en xeral favorable a que os pais castelanfalantes lles falen galego os seus fillos, mentres que é xeneralizado o rexeitamento de que os pais galegofalantes se dirixan á súa descendencia en castelán.

Máis da metade da poboación cre que a lingua dos galegos é o galego. Esta actitude afiánzase nos grupos de idade máis novos especialmente nos grupos de idade máis novos, especialmente nos residentes en hábitos non urbanos.Según a maioría o que máis contribúe a ser considerado galego é nacer en Galiza, séguelle vivir e traballar aquí e, en terceiro lugar, fala-lo galego.